

CONSELLERÍA DO MAR.

Organismo: Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

Capítulo:	
Epígrafe:	

SUMARIO:

ORDE do 4 de agosto de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria, para o ano 2023, para a concesión de axudas, en réxime de concorrència competitiva, ás organizacións de produtores pesqueiros do sector dos produtos da pesca e da acuicultura no ámbito exclusivo da Comunidade Autónoma de Galicia, para a preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización correspondentes a 2022, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) (código de procedemento PE155C)

O Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello (DOUE L347, do 20.12.2013) (en diante, Regulamento de Disposicións Comúns dos fondos EIE ou RDC); e o Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006, (CE) nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1225/2011 do Parlamento Europeo e do Consello (DOUE, L149, do 20.5.2014) (en diante Regulamento FEMP), constitúen o marco de financiamento comunitario para o período 2014-2020 que, entre outros, ten como obxectivo apoiar actuacións que fomenten un sector da pesca e acuicultura sustentable e respectuoso co ambiente para acadar os obxectivos da política pesqueira común (PPC) en consonancia cos obxectivos da chamada Estratexia Europa 2020. Por outra banda, mediante a Decisión do 13 de novembro de 2015, a Comisión aprobou o Programa Operativo para España do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca

(FEMP) para o período de programación 2014-2020 para os efectos de concesión de axudas do devandito fondo neste Estado membro, de maneira que este contribúe á estratexia da UE para un crecemento intelixente, sostible e integrador e á consecución dos obxectivos temáticos seleccionados e ás prioridades da Unión Europea.

O Regulamento FEMP establece no seu artigo 6 e dentro da prioridade 5, fomentar a comercialización e a transformación a través da mellora da organización dos mercados da pesca e da acuicultura, estimulando os investimentos nos sectores da transformación e da comercialización. O capítulo IV do título V do FEMP, no seu artigo 66 propón a concesión de axudas destinadas á preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización mencionados no artigo 28 do Regulamento (UE) nº 1379/2013.

Así mesmo, o Regulamento (UE) nº 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro, sobre a Política Pesqueira Común, establece no seu artigo 35 a creación dunha organización común de mercados (OCM), de maneira que as actividades da produción pesqueira e acuícola, incluídas a transformación e comercialización, sexan economicamente viables e competitivas, tendo as organizacións profesionais encomendado un importante papel para alcanzar os obxectivos da política pesqueira común.

Esta organización común de mercados régúlase no Regulamento (UE) nº 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, se modifican os Regulamentos (CE) nº 1184/2006 e (CE) nº 1224/2009 do Consello, e se derroga o Regulamento (CE) nº 104/2000 do Consello, e foi desenvolvido parcialmente polo Regulamento de execución (UE) nº 1418/2013 da Comisión, do 17 de decembro de 2013, relativo aos plans de produción e comercialización en virtude do Regulamento (UE) nº 1379/2013, e polo Regulamento de execución (UE) nº 1419/2013 da Comisión, do 17 de decembro, relativo ao recoñecemento das organizacións de produtores e as organizacións interprofesionais, a aplicación extensiva das normas das organizacións de produtores e as organizacións interprofesionais e a publicación dos prezos de activación, de conformidade co Regulamento (UE) nº 1379/2013.

As organizacións profesionais da pesca e da acuicultura están chamadas a desempeñar unha función de primeira orde para acadar os obxectivos e para a xestión da política pesqueira común e da organización común de mercados. O novo marco normativo reforza as súas actividades e facilita a axuda financeira necesaria para que poidan desempeñar unha misión

máis importante na xestión da pesca, exercendo as súas actividades pesqueiras e da acuicultura de forma sustentable e mellorando a comercialización dos produtos.

Estas organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura recollidas na OCM, é dicir, as organizacións de produtores pesqueiros (OPP) así como as medidas que poden aplicar, están regradas en España a través do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura e, así mesmo, a través do Real decreto 956/2017, do 3 de novembro (BOE nº 286 do 4 de novembro de 2017), polo que se establece o marco regulador de axudas ás organizacións profesionais do sector da pesca e da acuicultura, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e as súas bases reguladoras de ámbito estatal, e polo que se modifican o Real decreto 418/2015, do 29 de maio, polo que se regula a primeira venda de produtos pesqueiros, e o Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.

O Real decreto 956/2017, do 3 de novembro, modificado polo Real Decreto 703/2020, de 28 de xullo, regula con carácter básico, por unha parte, disposicións xerais respecto ás axudas ás organizacións profesionais do sector pesqueiro e acuícola e, por outra, os importes máximos de financiamento e os requisitos que deberán cumprir todas as organizacións para a obtención das axudas previstas no artigo 66 do regulamento FEMP.

Polo demais, no Programa Operativo para España do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) para o período de programación 2014-2020, aprobado pola Decisión da Comisión do 13 de novembro de 2015, programouse o apoio do FEMP para as medidas relacionadas coa comercialización e a transformación. Estas medidas xorden pola necesidade de mellorar a competitividade das organizacións profesionais, potenciando a súa creación e reestruturación e o financiamento dos plans de produción e comercialización (PPEC). O primeiro Comité de Seguimento do FEMP, que tivo lugar o 17 de febreiro de 2016, aprobou os criterios de selección xerais das axudas do FEMP indicados no Programa Operativo. Con posterioridade, o mencionado Comité aprobou os criterios de selección específicos para os artigos 66 a 68 do Regulamento FEMP, así como o Plan de Información e Publicidade. Estes criterios aseguran alcanzar os obxectivos e resultados da prioridade recollida no artigo 6.5.a) do FEMP. En todo caso, estes criterios de selección aprobados velarán por promover a igualdade entre homes e mulleres e non discriminación, así como perseguir un desenvolvemento sustentable, en virtude dos artigos 7 e 8 do Regulamento RDC, horizontal, por tanto, para todas as medidas cofinanciadas con fondos europeos.

Dentro deste marco, as axudas que agora se recollen nesta orde son as dedicadas á preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización (PPEC), regulados no artigo 66 do Regulamento FEMP.

En primeiro lugar, e con respecto a estas axudas, debe terse en conta a obrigatoriedade que teñen as organizacións de produtores pesqueiros de presentar, antes do 31 de outubro de cada ano, o seu plan de produción e comercialización para a súa aprobación pola Administración competente, conforme o artigo 14 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño. O PPEC é un instrumento de xestión colectiva a través do cal as OPP elaboran unha planificación da produción e comercialización de acordo co artigo 28 do Regulamento da OCM, que inclúe un plan financeiro en que se especifiquen os gastos previstos para cada unha das medidas que a OPP teña intención de aplicar para lograr os obxectivos que se citan nos artigos 3 e 7 da OCM.

Así mesmo, as OPP están obrigadas a presentar antes do 28 de febreiro de cada ano, conforme o artigo 15 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, o informe anual sobre a aplicación dos PPEC aprobados. O artigo 66 do FEMP dispón que os gastos correspondentes aos PPEC serán subvencionables con axudas do FEMP, logo de aprobación por parte da autoridades competentes do informe anual, mencionado no artigo 28, número 5, do Regulamento (UE) nº 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013.

Convén destacar que a Comisión Europea considera a preparación, a realización, a elaboración de informes e as actualizacións do PPEC e dos informes como unha única operación, e así queda indicado no documento Criterios de selección para a concesión das axudas no marco do programa operativo do FEMP para España, polo que, para os efectos do disposto no artigo 65.6 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, serán subvencionables os informes anuais dos plans de produción e comercialización aprobados con anterioridade á entrada en vigor da presente orde e ao abeiro da convocatoria correspondente.

Por último, debe destacarse que estas axudas son cofinanciadas pola Unión Europea a través do FEMP e, pola súa natureza, son axudas compatibles co mercado interior, e cumpren co disposto polos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea e segundo co disposto na Comunicación da Comisión (2015/C 217/01), publicada no Diario Oficial de la

Unión Europea do 2 de xullo de 2015, relativa ás directrices sobre axudas estatais para o sector dos produtos da pesca e a acuicultura.

Así mesmo, segundo o disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presente orde adecúase aos principios de boa regulación, xa que ten por obxecto dar resposta ás necesidades das organizacións profesionais do sector dos produtos da pesca e da acuicultura, proporcionando a seguranza xurídica necesaria para asegurar o seu adecuado funcionamento e investimentos que poidan levar a cabo, no marco do FEMP e da OCM.

Cómpre, polo tanto, publicar as bases reguladoras que establezan o procedemento para a concesión de determinadas axudas ao abeiro da normativa antes citada e realizar, ao mesmo tempo, a convocatoria destas axudas para o ano 2023 dos plans de produción e comercialización correspondentes ao ano 2022, coa finalidade de apoiar o sector pesqueiro, no seu sentido máis amplo, en medidas que contribuirán a facelo máis competitivo e respectuoso co seu contorno.

En consecuencia, e de acordo co disposto no artigo 27.15 do Estatuto de Autonomía de Galicia, e en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e en virtude das competencias que ten atribuídas a Consellería do Mar en materia de organización de produtores pesqueiros e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas destinadas á preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización das organizacións de produtores pesqueiros (OPP) recoñecidas con ámbito de actuación na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo establece a sección IV do capítulo II do Regulamento (UE) nº 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, e o artigo 66 do Regulamento (UE) nº 508/2014, e o artigo 15.5 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.

2. Por outra banda, tamén é obxecto desta orde, a convocatoria para o ano 2023 destas axudas.

As OPP, poderán solicitar as axudas polos gastos realizados na preparación e aplicación dos seus plans de produción e comercialización aprobados para a campaña 2022.

O código do procedemento administrativo correspondente a estas axudas é o PE155C.

3. As actuacións obxecto de axuda enmárcanse no programa operativo do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca para España, dentro da prioridade 5 do artigo 6 do Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006, (CE) nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.

Artigo 2. Crédito orzamentario

1. O período de elixibilidade do actual programa operativo (2014-2020) abrangue desde o 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2023, segundo dispón o artigo 65.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013 polo que se establecen disposicións comúns relativas aos fondos EIE (RDC).

2. O importe fixado na presente convocatoria, así como as aplicacións a que se impute, poderase ampliar no caso de que exista crédito dispoñible derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, de remanentes doutras convocatorias ou en calquera dos casos e coas condicións establecidas no número 2 do artigo 30 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia (Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro), sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

En todo caso, o incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, de ser o caso, logo de aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

3. A concesión das axudas queda condicionada á efectiva existencia de crédito axeitado e abondo no momento da resolución.

4. As axudas mencionadas están cofinanciadas pola Unión Europea, a través do FEMP, nun 75 %, e pola Administración da Xunta de Galicia nun 25%.

5. As axudas, dotadas no orzamento de gastos da Consellería do Mar para 2023, conforme a Lei 6/2022, de 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, concederanse con cargo ás aplicacións orzamentarias que figuran seguinte

cadro. O importe máximo ascenderá a 2.750.000,00 euros, segundo as seguintes contías por aplicación:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ORGANIZACIÓN	IMPORTE
2023.15.02.723B.780.1	Sen ánimo de lucro	1.690.000,00 €
2023.15.02.723B.770.1	Con ánimo de lucro	1.060.000,00 €

Artigo 3. Entidades beneficiarias

Poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nesta orde as organizacións de produtores pesqueiros (OPP) cuxo ámbito de actuación sexa a Comunidade Autónoma de Galicia, inscritas no Rexistro de Organizacións de Produtores Pesqueiros establecido no artigo 8 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.

Artigo 4. Requisitos xerais das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias das axudas reguladas pola presente orde estarán suxeitas aos seguintes requisitos:

a) Estar ao corrente no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

d) Non ter cometido infracción grave da política pesqueira común definida como tal en actos legislativos do Parlamento Europeo e do Consello.

e) No marco do FEP ou FEMP, non ter sido declarado culpable de cometer fraude, segundo a definición do artigo 1 do Convenio relativo á protección dos intereses financeiros das comunidades europeas (DOUE serie C 316, do 27.11.1995).

f) Non estar nin ter estado nos últimos 24 meses involucrado na explotación, xestión ou propiedade dos buques incluídos na lista comunitaria dos buques INDNR (pesca ilegal non declarada e non regulamentada) ou de buques que nin estean nin estivesen nos últimos 12 meses enarborando o pavillón de países considerados terceiros países non cooperantes ao abeiro do Regulamento (CE) nº 1005/2008 do Consello.

g) Manter a condición de beneficiario, cumprindo os requisitos de admisibilidade previstos no artigo 10 do Regulamento FEMP.

h) Cumprir o disposto nos artigos 71 e 140 do Regulamento 1303/2013, do 17 de decembro de 2013 (Regulamento RDC).

i) Levar unha contabilidade separada, ou dispor dun código contable adecuado das transaccións relacionadas coas operacións obxecto de financiamento.

j) No caso de subvencións de importe superior a 30.000,00€, ter aboados os gastos das operacións comerciais nas que incorra, nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

k) Acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

l) Someterse a actuacións de control dos distintos órganos competentes.

Artigo 5. Requisitos específicos das entidades beneficiarias.

Sen prexuízo do anterior, a entidade beneficiaria deberá previamente cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter aprobados os seus plans de produción e comercialización correspondentes ao ano 2022, en cumprimento dos obxectivos da OCM establecidos nos artigos 3 e 7 do Regulamento (UE) nº 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro, e de acordo ao artigo 14 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.

b) Así mesmo, deberán ter aprobado o informe anual correspondente ao exercicio do plan de produción e comercialización indicado no apartado anterior, de acordo co artigo 28.5 do Regulamento (UE) nº 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro e co artigo 15 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.

c) As medidas aprobadas no PPEC e posteriormente executadas e xustificadas no informe anual deberán contar coa calidade técnica necesaria. Do mesmo xeito, o órgano instructor poderá solicitar un informe a outros organismos públicos para que avalíen se os traballos se axustan ao tempo e orzamento presentados no informe anual.

No caso de se detectaren traballos plaxiados, a xuízo da comisión de valoración, ou de calidade insuficiente segundo o disposto no parágrafo anterior, a comisión de valoración informará de que esa medida non é elixible, sen prexuízo da aplicación da normativa antifraude que corresponda.

Artigo 6. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias destas axudas están obrigadas a:

a) Ter executado, dentro do prazo conferido, as actuacións obxecto da subvención para a preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización, aprobados mediante resolución do órgano competente na materia.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente ou calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competente, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de cinco anos desde a data contable da percepción do último pagamento, para os efectos de comprobación e control. Ademais, tamén deberán conservar os devanditos

documentos durante dous anos a partir do 31 de decembro do ano seguinte á presentación das contas, ás autoridades europeas por parte da administración, nas que se inclúa a súa operación, para o cal informárase ao beneficiario da axuda da devandita data. Cando proceda, deberá dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos esixidos na lexislación aplicable ás persoas beneficiarias.

d) Levar un sistema de contabilidade separada ou asignar un código contable adecuado a todas as transaccións relacionadas coa subvención que permita seguir a pista de auditoría.

e) Comunicarlle á Consellería do Mar a obtención doutras subvencións e axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente, tanto público como privado.

f) Comunicarlle á Consellería do Mar calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución dos fins para os cales foi concedida a axuda.

g) Dar a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento do investimento realizado, con expresa mención á participación do Fondo Europeo e Marítimo de Pesca, cando a axuda sexa de 100.000,00 euros ou superior, nos termos seguintes:

g.1. No caso de que a OPP dispoña de páxina web, indicar que o plan de produción e comercialización foi financiado con fondos públicos do FEMP e da Xunta de Galicia, utilizando o modelo de cartel “inversións FEMP”, dispoñible na aplicación OPPGA

g.2. Se para a aplicación dalgunha das medidas aprobadas é necesario a elaboración de folletos, carteis, dípticos ou similares, deberase de incluír que foi financiado con fondos públicos FEMP e da Xunta de Galicia, cos seus correspondentes logotipos. Debe gardarse algún exemplar, xa que pode ser requirido pola administración para súa comprobación no momento da xustificación.

g.3. No caso de que se realicen cursos, talleres formativos, congresos ou similares, deben poñerse carteis anunciadores ou outros tipos de soportes tomando o modelo de cartel de investimentos FEMP. Estes soportes deben ir colocados fóra e dentro do recinto no que teña lugar o evento. Para a xustificación, a OPP deberá presentar fotografías (ou vídeos) nos que aparezan os soportes da publicidade. Segundo proceda, contarase cun listado de asistentes e

control de asistencia (control de sinaturas) de cada xornada, que deberán presentarse no momento da xustificación dos gastos.

Si se elabora material específico para un congreso, curso ou taller, deberán levar unha reseña á financiación pública cos logotipos do FEMP e da Xunta de Galicia.

g.4. No caso de que a aplicación dalgunha das medidas do plan de produción e comercialización implique a elaboración de publicacións específicas, estas publicacións deberán mencionar que están financiadas con fondos FEMP e da Xunta de Galicia, xunto cos respectivos logotipos.

g.5. No caso de solicitude de apoio financeiro á elaboración de notas de prensa para a súa publicación nos medios de comunicación, débese indicar na nota de prensa a subvención pública por parte dos fondos FEMP e da Xunta de Galicia e, de ser o caso, gardar as noticias, exemplares, arquivos, vídeos ou cuñas dos medios onde se publiquen.

g.6. No caso de financiación de infraestruturas ou traballos de construción, deberá colocarse o soporte nun lugar ben visible para o público, por exemplo, á entrada da nave ou edificio, segundo o modelo de cartel de investimentos FEMP.

g.7. Igualmente deben indicar a financiación con fondos FEMP e da Xunta de Galicia todas aquelas subministracións compradas en aplicación das medidas dos plans de produción e comercialización. Utilizarase o modelo de cartel ou soporte da publicidade de investimentos FEMP, e estará colocado na subministración que se financie; se o tamaño do equipo ou subministración non permite a colocación do cartel ou soporte da publicidade, adaptarase o seu contido á superficie existente de xeito que o requisito de publicidade da financiación pública quede garantida.

h) Axustar o custo de adquisición dos investimentos subvencionables ao valor de mercado.

i) Indicar, no momento da solicitude, o valor da produción en primeira venda, en euros e toneladas, segundo os períodos indicados no anexo I

j) Durante os cinco anos seguintes ao pagamento final ao beneficiario:

- Non poderá ter cometido unha infracción grave da PPC nin do Regulamento (CE) nº 1005/2008 do Consello, polo que se establece un sistema contra a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, e do Regulamento (CE) nº 1224/2009 do Consello, polo que se establece un réxime comunitario de control, nin ter sido declarado culpable de cometer fraude, nin estar incluídos na lista comunitaria dos buques INDNR (pesca ilegal non declarada e non regulamentada) ou de buques que enarboren o pavillón de países considerados terceiros países non cooperantes ao abeiro do Regulamento (CE) nº 1005/2008 do Consello, do 29 de setembro de 2008.

- Non poderá cesar a actividade produtiva, relocalizar a actividade fóra de Galicia, nin producir cambios substanciais que afecten á natureza, aos obxectivos ou ás condicións de execución da operación, de modo que menoscaben os seus obxectivos orixinais. A Consellería do Mar solicitará o reintegro da axuda de forma proporcional ao período durante o cal se incumprisen os requisitos, segundo o disposto no artigo 71 do Regulamento (UE) nº 1303/2013.

k) Se a realización do proxecto comporta a xeración de residuos deberánse cumprir as condicións sinaladas, para cada tipo de residuo, na normativa sectorial.

Artigo 7. Inversión máxima subvencionable e intensidade das axudas

1. As axudas reguladas nesta orde teñen o carácter de subvencións de capital e non constitúen axudas de estado.

2. As axudas están cofinanciadas polo FEMP e polos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, e a intensidade das axudas axustarase ao disposto nos artigos 94 e 95 do FEMP e segundo as dispoñibilidades orzamentarias existentes.

3. Do total da intensidade da axuda pública, o 75 % do importe total será cofinanciado polo FEMP, e o outro 25 % corresponderá á Xunta de Galicia.

4. A intensidade da axuda pública para os plans de produción e comercialización (PPEC) non será superior ao 90 % dos gastos elixibles e o 10 % restante será de achega privada.

Artigo 8. Inversións obxecto de subvención e gastos subvencionables

1. Os investimentos relativos á preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización das organizacións de produtores pesqueiros poderán ser obxecto de subvención.

No caso de que o PPEC aprobado sexa plurianual, a solicitude de axuda deberá referirse á anualidade ou campaña que corresponda.

2. Serán elixibles todas as actuacións que se axusten ao establecido no anexo de determinación de gastos subvencionables nas axudas aos PPEC desta Orde, sen prexuízo do cumprimento do resto dos requisitos que establezan a normativa nacional e comunitaria.

A documentación necesaria para xustificar adecuadamente a axuda, deberá demostrar con claridade que os gastos elixibles foron destinados á preparación ou execución das medidas dos plans de produción e comercialización, e segundo o disposto no anexo de determinación de gastos subvencionables.

3. Como norma xeral, terán a consideración de gastos subvencionables aqueles gastos realizados e que teñan as correspondentes facturas emitidas durante o período de execución do PPEC aprobado. O inicio deste período de execución será o 1 de xaneiro da anualidade correspondente ou a data de sinatura da resolución pola que se aproba ou modifica o PPEC, no caso de que sexa posterior. O fin deste período de execución será o 31 de decembro da anualidade correspondente ou a data da inspección/acta que certifica a fin de obra, no caso de que sexa anterior.

Sen embargo, como excepción á norma xeral establecida no parágrafo anterior, os gastos do informe de auditor, os gastos efectuados pola preparación do PPEC, os gastos efectuados pola preparación do informe anual así como aqueles gastos que proveñan de anualidades anteriores que non foran rematados na dita anualidade, que consten informados favorablemente no seu expediente e que estean aprobados no informe anual correspondente terán a consideración de subvencionables aínda que se realicen fora do devandito período de execución.

Considerarase gasto realizado o efectivamente pagado a máis tardar o 1 de marzo de 2023, coa excepción do gasto debido ao informe anual e informe de auditor, cuxa data límite será a da solicitude da axuda.

Ademais, cando sexa aplicable o establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, os gastos realizados, para poder ter a consideración de subvencionables no marco desta Orde, deberán ser tido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, na súa falta, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

A xustificación dos gastos realizarase no momento da presentación da solicitude de axuda, no prazo sinalado no artigo 14 desta Orde, e adecuarase ás regras específicas previstas no anexo denominado Determinación dos gastos subvencionables. Ademais da xustificación mediante achega de xustificantes de gastos, a xustificación documental tamén poderá realizarse mediante un informe de auditor; neste caso o auditor deberá estar adscrito ao Rexistro Oficial de Auditores de Contas, de acordo coa Orde EHA/1434/2007, de 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas, e comprobará toda a documentación, así como todos os extremos que se establecen na letra b do artigo 3.2 da dita Orde.

4. Os gastos subvencionables serán aqueles directamente relacionados coa preparación e aplicación do plan de produción e comercialización, aprobado mediante resolución do órgano competente na materia:

a) No caso de que os gastos estivesen directamente relacionados coa preparación do plan de produción e comercialización, indicaranse os custos dos estudos preliminares e de definición e elaboración.

b) No caso de que os gastos estivesen directamente relacionados coa aplicación dos plans de produción e comercialización, cando as medidas teñan custo económico, serán subvencionables en cada medida tanto as actividades do titular do proxecto como as actividades de xestión do proxecto indicadas no anexo denominado Determinación de gastos subvencionables, si así se reflectiu na resolución de aprobación do PPEC e do informe anual.

5. Sen prexuízo do establecido no anexo Determinación de gastos subvencionables da presente convocatoria, serán subvencionables, de xeito xeral, os seguintes gastos:

a) Gastos de persoal propio, xa sexa de estrutura ou contratado para unha medida concreta do plan de produción e comercialización, incluídos aqueles custos indirectos que procedan, que

se calcularán aplicando a porcentaxe do 15 % sobre os custos directos de persoal da organización.

Para o cálculo dos custos directos de persoal, en aplicación do disposto nos puntos 1.1.1 Gastos de persoal de estrutura e 1.1.2 Gastos de persoal contratado expresamente para a preparación e/ou execución das medidas dos PPEC do anexo Determinación de gastos subvencionables desta Orde, aplicaráse o seguinte custo unitario por hora e grupo profesional:

Grupo profesional	€/hora
1	25,04
2	21,18
3	18,27
4	15,14
5	13,74

b) Gastos derivados da contratación de empresas externas ou profesionais independentes para a preparación ou realización dalgunha ou dalgunhas das medidas incluídas no plan de produción e comercialización, incluídas as obras, adquisición de bens e subministracións, correspondentes a medidas previamente aprobadas no PPEC. Están incluídos os gastos de asesoría xurídica necesarios para a prestación de asistencia aos membros da organización de produtores en relación coa lexislación pesqueira, e conforme ao establecido no artigo 29.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Convenios de colaboración con organismos científicos e outras entidades, que deberán formalizarse por escrito e recollerán o seu obxecto, os traballos que se van realizar, o tempo de execución e o orzamento, debidamente desagregado por capítulos.

d) Gastos de desprazamentos, aloxamento e manutención para a asistencia a feiras, congresos, cursos, reunións, xornadas ou eventos semellantes en medidas aprobadas no plan de produción e comercialización.

Artigo 9. *Gastos non subvencionables*

Non serán subvencionables os seguintes gastos:

a) En termos xerais, os gastos orixinados por unha mera reposición de elementos existentes, salvo que a nova adquisición corresponda a investimentos distintos aos anteriores, tanto pola tecnoloxía utilizada como polo seu rendemento.

b) As retribucións ou salarios e as axudas de custo e gastos de desprazamento do persoal da organización, xa sexa de estrutura, contratado ou de socios da organización, cando realicen tarefas relacionadas co funcionamento e coa xestión da organización.

c) As retribucións ou salarios do persoal de estrutura fóra dos expresamente admitidos no anexo Determinación de gastos subvencionables nas axudas aos PPEC desta Orde, así como os gastos de persoal cando non estean relacionados directamente coa medida.

d) O arrendamento, a reparación, o mantemento e a conservación das infraestruturas e equipamentos, o material de oficina e os servizos telefónicos, postais e telegráficos, así como calquera outro tipo de comunicación e, en xeral, os gastos destinados ao funcionamento administrativo, incluídos os fornecementos necesarios para o funcionamento normal das instalacións da organización profesional (auga, gas, electricidade, combustibles, etc.), sen prexuízo da súa posible elixibilidade como custos indirectos.

e) A adquisición ou alugamento de vehículos necesarios para o funcionamento habitual da organización.

f) O IVE, excepto o IVE non recuperable, cando sexa custeado de forma efectiva e definitiva por beneficiarios distintos das persoas que non son suxeitos pasivos, a que se refire o artigo 13.1 da Directiva 2006/112/CE do Consello, do 28 de novembro de 2006, relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido.

g) O resto dos impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación e os impostos persoais ou sobre a renda.

h) Os custos indirectos dos gastos de xestión.

i) Xuros de débeda, excepto de subvencións concedidas en forma de bonificacións de xuros ou subvencións de comisións de garantía.

j) Adquisición de terreos non edificadas e terreos edificadas por un importe que exceda o 10% do gasto total subvencionable da operación de que se trate.

k) As compras de materiais e equipamentos usados.

l) A parte do custo dos elementos de transporte que non estean directamente relacionados coa operación.

m) Gastos correntes, salvo que causas excepcionais, como por exemplo situacións de emerxencia sanitaria como a Pandemia Covid-19, así o xustifiquen.

n) Os gastos de funcionamento e de xestión organizativa da OPP.

o) Os gastos de mantemento ou renovación de programas de certificación, auditorías ou esquemas de calidade.

Artigo 10. Cálculo da contía da axuda

Para o cálculo da axuda terase en conta o establecido nos artigos 14 e 15 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.

A axuda financeira anual non poderá superar o 12 % do valor medio anual da produción comercializada pola organización de produtores pesqueiros (OPP) durante os tres anos naturais anteriores á resolución de aprobación do PPEC correspondente ao ano que proceda. Para o cálculo da produción, terase en conta a suma do valor da produción comercializada por cada un dos membros de la OPP.

No caso de organizacións recentemente recoñecidas, esta axuda non superará o 12% do valor medio anual da produción comercializada polos membros desa organización durante os tres anos naturais anteriores.

Comprobarase o valor e o volume da produción comercializada a partir dos datos estatísticos oficiais dispoñibles e, no caso de existiren diferenzas entre o indicado na declaración responsable e as fontes oficiais, terase en conta o valor desta última.

No caso da preparación do plan de produción e comercialización, do informe anual e, de ser o caso, do informe de auditor, os gastos subvencionables por cada un destes conceptos

será aquel que se aprobe na corresponde resolución aprobatoria do informe anual de actividades.

No caso da aplicación dos PPEC, cando as medidas teñan carácter económico, serán subvencionables en cada medida tanto as actividades do titular do proxecto como as actividades de xestión do proxecto indicadas no anexo Determinación de gastos subvencionables, se así se reflectiu na resolución de aprobación do PPEC e do informe anual.

En aplicación do artigo 55.1 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, non se establece unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando o crédito consignado na convocatoria sexa suficiente, atendendo ao número de subvencións.

Artigo 11. *Incompatibilidades*

1. Estas subvencións son incompatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma actividade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que supere o custo da actividade subvencionada.

3. Os beneficiarios deberán dar a coñecer, mediante declaración, as axudas que obtivesen ou solicitasen para a actividade subvencionada, tanto ao presentaren a solicitude de axudas como en calquera momento ulterior no que se produza esta circunstancia.

Artigo 12. *Subcontratación*

1. Poderán ser obxecto de subcontratación aquelas actividades dos plans de produción e comercialización (PPEC) que formen parte da actuación subvencionada pero que non poidan ser realizadas pola organización de produtores pesqueiros (OPP) correspondente de modo directo.

2. O orzamento global da actividade subcontratada poderá alcanzar o 100 % do orzamento. A subcontratación estará condicionada a que o contrato se celebre por escrito e estea

previamente autorizado polo órgano concedente ,tal e como establece o artigo 27.3º da Lei de subvencións de Galicia

De ser o caso, tamén se deberá acreditar a petición de tres ofertas e a xustificación da seleccionada, de acordo co establecido no artigo 29.3º da Lei de subvencións de Galicia.

3. Non se poderá subcontratar coas mesmas entidades beneficiarias que forman parte da organización ou estean vinculadas a ela, nin en ningún dos casos especificados no artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. Cada unha das OPP beneficiarias son responsables de asegurar o cumprimento das normas de contratación pública que sexan de aplicación. En todos os casos, débense cumprir os principios básicos de transparencia, non discriminación e igualdade.

Non se permite a contratación entre as OPP beneficiarias para a realización dunha medida recollida no PPEC, nin tampouco a contratación de traballadores dalgunha das entidades beneficiarias do proxecto como prestadores de servizos de profesionais externos e de asesoramento. Cando para a execución dunha medida do PPEC interveñan empresas vinculadas, estas non poderán participar como provedores ou prestadoras de servizos, do contrario a actividade non será subvencionable.

Terán a consideración de empresas vinculadas aquelas entre as cales exista algunha das relacións definidas no artigo 3.3 do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, cando concorra algún dos seguintes supostos:

a) Unha empresa posúa a maioría dos dereitos de voto dos accionistas ou socios da outra empresa.

b) Unha empresa teña dereito a nomear ou revogar a maioría dos membros do órgano de administración, dirección ou control da outra empresa.

c) Unha empresa teña dereito a exercer unha influencia dominante sobre outra, en virtude dun contrato celebrado con ela ou dunha cláusula estatutaria da segunda empresa.

d) Unha empresa, accionista ou asociada a outra, controle soa, en virtude dun acordo celebrado con outros accionistas ou socios da segunda empresa, a maioría dos dereitos de voto dos seus accionistas ou socios.

Tamén se considerarán empresas vinculadas as que manteñan algunha desas relacións a través dunha persoa física ou un grupo de persoas físicas que actúen de común acordo, se estas empresas exercen a súa actividade ou parte dela no mesmo mercado de referencia ou en mercados contiguos. Considérase mercado contiguo o mercado dun produto ou servizo situado nunha posición inmediatamente anterior ou posterior á do mercado en cuestión.

Artigo 13. *Certificación de non inicio e fin de obra*

1. No caso de obras ou adquisición de equipamentos e subministracións que impliquen unha obra, un funcionario designado pola Consellería do Mar deberá levantar acta de non inicio, sempre por petición da OPP correspondente, antes de comezala.

2. A realización da acta de non inicio, en ningún caso, implica dereito nin mérito para a concesión da axuda.

3. A realización da acta do non inicio poderá dar lugar ao pagamento das correspondentes taxas.

4. A solicitude de acta de non inicio deberá dirixirse ao Servizo de Mercados da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, que determinará a pertinencia da petición, levantando a citada acta de non inicio ou comunicando por escrito á organización profesional que non é necesario, segundo proceda. No caso de non solicitar a dita acta, a medida non será subvencionable.

5. A solicitude acompañarase da seguinte documentación:

- Memoria descritiva dos aspectos técnicos e económicos do investimento.
- Proxecto visado e, de ser o caso, planos e catálogos descritivos.
- Orzamentos ou facturas proforma detalladas ao máximo posible.

6. No caso de que a visita deba ser realizada noutra comunidade autónoma, esta certificación poderá ser emitida polos servizos correspondentes desa comunidade autónoma. No caso de que deba ser realizada no estranxeiro, esta certificación poderá ser emitida por entidade ou organismo habilitado e debidamente acreditado, coa inescusable intervención das autoridades españolas correspondentes (embaixada, consulado ou outras con capacidade para realizala).

Sen prexuízo do anterior, o órgano competente poderá designar a persoa ou persoas para que se despracen fóra da comunidade autónoma para os efectos de realizar a visita in situ e posterior certificación de non inicio; os gastos do dito desprazamento serán por conta do solicitante da axuda.

7. Unha vez realizado o proxecto, a Organización de Produtores deberá solicitar, ao Servizo de Mercados da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a acta de fin de obra antes de que remate o ano no que se executa o plan de produción e comercialización. Unha vez feita a solicitude, será realizada unha visita de fin de obra co obxecto de verificar a realización do proxecto. Esta visita realizarase, como máximo, ata a data establecida para tal efecto na resolución pola que se aproba o Plan de Produción e Comercialización, ou, no seu defecto, ata a data máxima de presentación do informe anual de actividades.

8. A OPP, xunto coa solicitude de fin de obra, deberá achegar as facturas definitivas que xustifiquen a realización do investimento.

9. Os servizos da Consellería do Mar emitirán a acta de fin de obra antes da data de sinatura da resolución pola que se aproba o informe anual de actividades derivado do plan de produción e comercialización correspondente. No caso de que a visita deba ser realizada noutra comunidade autónoma, esta certificación poderá ser emitida polos servizos correspondentes desa comunidade autónoma. No caso de que teña que ser realizada no estranxeiro, esta certificación poderá ser emitida por unha entidade ou organismo habilitado e debidamente acreditado, coa inescusable intervención das autoridades españolas correspondentes (embaixada, consulado ou outras con capacidade para realizala).

10. A consellería poderá, en calquera momento, realizar as comprobacións que considere oportunas para verificar a efectiva e correcta realización dos investimentos.

Artigo 14. Prazo de presentación da solicitude

Para esta convocatoria do ano 2023 o prazo de presentación das solicitudes será de 1 mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta Orde no Diario Oficial de Galicia. Enténdese como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, enténdese que o prazo expira o último día de mes. No caso de que o último día sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Artigo 15. Forma de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, Anexo I, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesada presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 16. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (Anexo I) a seguinte documentación complementaria:

a) Anexo II, formulario de gastos subvencionables por medida.

b) Anexo III, relación de xustificantes (no que virán relacionados e clasificados por medida os investimentos da actividade, con identificación do proveedor, número da factura, o seu importe, data de emisión e data de pagamento).

c) Anexo IV, memoria resumo (que inclúa o importe aprobado por medida do PPEC, o importe aprobado dos informes anuais e os gastos finalmente executados e xustificados).

d) Anexo V, de gastos de persoal, onde se detalle o obxecto dos traballos a realizar e o tempo de execución expresado en horas do persoal para cada medida

e) Anexo VI, gastos de persoal, no que se xustificarán os gastos de persoal propio dedicado á supervisión, control ou elaboración de medidas do PPEC

f) Anexo VII, gastos de persoal: Relación de xustificantes de pagamento das nóminas, no que virán relacionados os xustificantes de pagamento de nóminas.

g) Anexo VIII, gastos de viaxe, onde se detallará a xustificación do gasto e a liquidación individual do gasto.

h) Ademais, segundo proceda, as persoas interesadas deberán presentar:

h.1. Poder suficiente da persoa representante, no caso de que tal poder non figure nos estatutos: deberá presentar o poder ou outra documentación acreditativa das facultades representativas da persoa física que actúe como representante da persoa xurídica.

h.2. Copia da escritura de constitución e estatutos da sociedade, así como as modificacións posteriores, debidamente inscritas no rexistro correspondente

h.3. Certificado actualizado da declaración censual de alta en obrigas tributarias.

h.4. Certificado acreditativo de que a entidade carece de antecedentes penais obtido a través do Rexistro Central de Penados do Ministerio de Xustiza, que deberá conter a totalidade de antecedentes penais non cancelados, para os efectos de verificar que non foi declarado culpable de cometer fraude no marco do FEP ou FEMP.

h.5. Cando o importe do gasto unitario supere a contía de 40.000 euros, no caso de execución de obras, ou de 15.000 euros, no caso de subministración de bens ou prestacións de servizos, a entidade beneficiaria deberá achegar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección, cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

h.6. No caso de subvencións de importe superior a 30.000,00 €, acreditación de ter aboados os gastos das operacións comerciais nas que incorra, nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Esta circunstancia será acreditada por parte das sociedades que, de acordo coa normativa contable, poidan presentar conta de perdas e ganancias abreviada, coa declaración responsable incorporada no punto 5 do Anexo I.

Para as sociedades que, de acordo coa normativa contable, non poidan presentar conta de perdas e ganancias abreviada, establécese a necesidade de acreditar o cumprimento dos prazos legais de pago mediante certificación, emitida por auditor rexistrado no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que atenderá ao prazo efectivo dos pagos da empresa cliente con independencia de calquera financiamento para o cobro anticipado da empresa provedora.

O período ao que debe facer referencia a certificación mencionada abrangue dende o 20 de outubro de 2022, data de entrada en vigor da Lei 18/2022, do 28 de setembro, de creación e crecemento de empresas, que modifica o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ata a data de presentación da solicitude da axuda.

i) Documentación xustificativa.

Así mesmo, as solicitudes para as axudas destinadas á preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización, presentaranse xunto coa seguinte documentación complementaria de xustificación:

i.1. Xustificantes dos investimentos efectuados que consistirán, de forma xeral, nas facturas e demais xustificantes de gasto de valor probatorio equivalente, contratos (de obra ou de servizo) e nóminas, detalladas ao máximo posible.

i.2. Xustificantes das transferencias bancarias correspondentes aos pagamentos efectuados. Os xustificantes bancarios identificarán a factura ou facturas pagadas e os seus importes.

i.3. Documento coa descrición de funcións desenvolvidas do posto de traballo e relacionadas coas tarefas que se van desenvolver nas medidas que se inclúan nos plans de

producción e comercialización e co rexistro horario no que se inclúa o número de horas dedicadas á medida, polo persoal que corresponda.

i.4. Xustificante do pagamento das correspondentes cargas sociais e retencións fiscais. Para iso, comprobaranse os documentos RNT (relación nominal de traballadores), RLC (recibo de liquidación de cotizacións) e os modelos 111 (retencións e ingresos á conta do IRPF). e 190 (resumo anual), de ser o caso.

i.5. Xustificante do pagamento das nóminas.

i.6. En caso de solicitar axudas polo IVE non recuperable, cando este sexa custeado de forma efectiva e definitiva por beneficiarios distintos das persoas que non son os suxeitos pasivos a que se refire o artigo 13.1 da Directiva 2006/112/CE do Consello do 28 de novembro de 2006, relativa ao sistema común do Imposto sobre o Valor Engadido, achegarase unha declaración responsable que acredite esta circunstancia e o “Modelo 390. IVA. Declaración Resumen Anual”

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberánse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial, dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. Para a presentación da documentación complementaria á que fai referencia este artigo, as organizacións de produtores ás que se refire o artigo 3 desta Orde, deberán facer uso da aplicación informática de xestión de OPP de Galicia OPPGA, que a Consellería do Mar ten habilitada para estes efectos.

Artigo 17. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) NIF da entidade solicitante.

b) DNI/NIE da persoa representante.

c) Resolución da axuda concedida para subvencionar total ou parcialmente o mesmo proxecto solicitado, no caso de axudas concedidas pola Xunta de Galicia.

d) Consulta de concesións de subvencións e axudas.

e) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

f) Informe acreditativo de non ter pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións emitido pola Axencia Tributaria de Galicia (Atriga).

g) Informe acreditativo de non ter sanción firme pendente de pagamento por infracción da normativa marítimo-pesqueira, emitido polo Servizo Técnico-Xurídico da Consellería do Mar.

h) Informe acreditativo de non estar en concurso de acredores (artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia) obtido a través do Rexistro Público Concursal do Ministerio de Xustiza.

i) Informe acreditativo de non ter cometido infracción grave da política pesqueira común, do Regulamento (CE) nº 1005/2008 do Consello, polo que se establece un sistema contra a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, e do Regulamento (CE) nº 1224/2009 do Consello, polo que se establece un réxime comunitario de control, emitido polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Informe do Servizo Técnico-Xurídico da Consellería do Mar de non ter cometido infraccións graves conforme ao disposto no artigo 10.1 a) do Regulamento (UE) nº 508/2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.

j) Non ter sido declarado culpable de cometer fraude segundo o Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións do Ministerio de Facenda e Función Pública, no marco do FEMP.

k) Informe acreditativo de non estar nin ter estado nos últimos 24 meses involucrado na explotación, xestión ou propiedade dos buques incluídos na lista comunitaria dos buques INDNR, obtido a través da base de datos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

l) Certificación emitida polo organismo competente acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

m) Certificación emitida polo organismo competente acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

n) Certificación emitida polo organismo competente acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia (Atriga).

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 18. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento, por parte das indicadas persoas interesadas, da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 19. *Tramitación de solicitudes*

A tramitación das solicitudes realizarase por fases; no caso de que unha solicitude non supere unha das fases, isto implicará que a súa tramitación finalizará, sen que poida pasar á fase seguinte; neste caso, o órgano competente emitirá a correspondente resolución.

A) Fase de admisión de solicitudes.

1. Inicio do expediente: o Servizo de Mercados da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, nos servizos centrais, analizará os expedientes e requirirá a documentación necesaria, de ser o caso.

2. Se a solicitude non reúne algún dos requisitos esixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a deficiencia ou remita os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se considerará que desiste da súa solicitude.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 4.k) desta Orde, resulta que o solicitante non está ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

A documentación requirida para a emenda da solicitude deberá presentarse por medios electrónicos. No caso de que a persoa interesada a presente presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a corrección.

3. Sen prexuízo do sinalado no número anterior, poderá requirirse ao solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Sempre que se teñan en conta para a resolución das axudas aspectos distintos aos aducidos polos interesados, daráselles a estes un trámite de audiencia, con carácter previo á avaliación dos expedientes que faga a comisión de valoración.

5. Para os expedientes que non cumpran as esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, o órgano instructor formulará a proposta de resolución de non admisión ou de desistencia, segundo sexa o caso, na cal se indicarán as causas que a motivan.

B) Fase de valoración

1. Criterios xerais: valoraranse as solicitudes de acordo cos seguintes criterios xerais establecidos no programa operativo do FEMP:

a) Adecuación das solicitudes de axudas por preparación e aplicación dos PPEC á análise DAFO do programa operativo do FEMP, así como á estratexia, obxectivos e medidas recollidas no citado programa: valoración alta (4 puntos), valoración media (2 puntos), e valoración baixa (1 punto).

b) Contribución do proxecto á consecución dos indicadores de resultado do programa operativo: alto (4 puntos), medio (2 puntos), baixo (1 punto) e nulo (0 puntos).

c) Implicación do proxecto noutras prioridades, obxectivos específicos ou plans estratéxicos: alto (4 puntos), medio (2 puntos), baixo (1 punto) e nulo (0 puntos).

O órgano instructor emitirá un «informe de idoneidade» para cada solicitude que alcance esta fase, no que se cualificará o proxecto de significativo (alto: > 7 puntos), razoable (medio: < = 7, > 5), deficiente (baixo: < = 5) e inadecuado (nulo: < = 2) en función dos puntos totais que obteña.

Os proxectos que sexan cualificados como inadecuados entenderanse non viables para a obtención dos fondos públicos. Para tal efecto o órgano instructor formulará a proposta de resolución de denegación da axuda, na que se indicarán as causas que a motivan.

2. Criterios específicos: a aprobación dos PPEC, así como os seus correspondentes informes anuais, mediante resolución da Consellería do Mar, é o criterio de valoración específico establecido para a concesión das axudas no marco do programa operativo do FEMP, aprobado polo seu Comité de seguimento.

Consonte o establecido no artigo 33 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e sen prexuízo do establecido no artigo 19.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, considerarase que todas as OPP teñen o mesmo peso relativo pola preparación e aplicación dos PPEC, para realizar a valoración das solicitudes.

3. Segundo o artigo 19.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no caso de solicitudes con igualdade de puntuación, de non alcanzar o orzamento destinado na convocatoria para atendela na súa totalidade, ratearase o importe global máximo destinado ás subvencións entre os beneficiarios, atendendo aos gastos elixibles en que incorresen.

No caso de se producir a renuncia ou a perda sobrevida do dereito á axuda dalgún dos beneficiarios, e sempre que se tivese liberado crédito suficiente, poderase acordar, sen necesidade de nova convocatoria, o rateo do montante sobranter entre o resto de beneficiarios, nun prazo non superior a un mes desde a renuncia ou perda do dereito.

C) Fase de selección:

1. Unha vez finalizada a fase anterior, a comisión de valoración formulará a proposta de resolución de concesión das axudas.

2. Na proposta que formule a comisión de valoración figurarán, de maneira individualizada, os solicitantes propostos para obteren a subvención e indicarse a avaliación que lles corresponde segundo os criterios fixados nesta Orde e os expedientes seleccionados. Así mesmo, indicarse a proposta do importe da subvención para cada un deles.

3. No caso de que a suma dos investimentos subvencionables dos expedientes propostos supere o crédito existente para as axudas, aplicarase o rateo entre os beneficiarios da subvención do importe máximo destinado ás subvencións, segundo o artigo 19.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. A persoa que exerza a presidencia da comisión de valoración elevará proposta de resolución ao órgano concedente, que ditará as correspondentes resolucións de concesión.

Artigo 20. Comisión de valoración

1. Os expedientes serán avaliados por unha comisión de valoración constituída na Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

2. A comisión de valoración estará formada polos seguintes membros:

a) Presidente/a: A persoa que ocupe a Subdirección Xeral de Valorización dos Produtos do Mar.

b) Secretario/a: A persoa que ocupe a xefatura de Servizo de Mercados

c) Vogais: dúas persoas funcionarias adscritas á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica designados polo presidente/a.

3. No caso de imposibilidade de asistir a algunha das sesións, os membros do órgano colexiado poderán ser substituídos pola persoa que designe o presidente. O órgano colexiado precisará de, polo menos, a maioría simple dos membros para a realización da valoración.

4. As reunións da comisión de valoración poderán celebrarse tanto de forma presencial como a distancia, nos termos establecidos pola normativa vixente que sexa de aplicación.

5. A comisión poderá propoñer que o órgano instructor requira documentación complementaria necesaria para a correcta valoración da solicitude de que se trate.

6. A comisión de valoración poderá traballar asistida dos asesores que xulgue conveniente, así como solicitar informes a técnicos expertos externos ou internos na materia.

7. A comisión de valoración reunirase nunha sesión única para a elaboración da proposta de concesión ao órgano concedente, salvo no caso de que a suma dos investimentos subvencionados dos expedientes propostos non supere o crédito existente para as axudas, caso no que poderá realizar cantas sesións considere necesarias e emitir propostas parciais de concesión en cada unha das sesións.

Artigo 21. Resolución e proposta de pagamento

1. A resolución das solicitudes corresponde á persoa titular da Consellería do Mar, que poderá delegar a dita competencia na persoa titular da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica. No caso de concesións que superen a contía de 3.000.000 € por persoa beneficiaria, será necesario a autorización do Consello da Xunta de Galicia. Esta autorización non implicará a aprobación do gasto, que lle corresponderá, en todo caso, ao órgano competente para ditar a resolución de concesión da subvención.

2. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución da axuda será de cinco meses, contados desde a data de publicación desta Orde no Diario Oficial de Galicia, sendo o prazo límite de concesión o 31 de decembro de 2023. Transcorrido o prazo sen resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes, de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. A resolución de concesión indicará, entre outros aspectos, os compromisos asumidos polos beneficiarios; os créditos orzamentarios aos cales se imputa o gasto, a contía da subvención individualizada e a porcentaxe do financiamento do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.

Artigo 22. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 23. Aceptación da axuda

Unha vez notificada a resolución, o interesado terá un prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación, para aceptala. Transcorrido este prazo sen producirse manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a axuda.

A aceptación da axuda implica a aceptación da súa inclusión como beneficiario na lista de operacións publicada, de conformidade co artigo 119, número 2 do Regulamento FEMP.

Artigo 24. *Recursos*

1. Contra a resolución expresa que se dite, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor recurso potestativo de reposición perante a persoa titular da Consellería do Mar, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

2. Se transcorrido o prazo para resolver establecido no artigo 21, non lle é notificada a resolución ao interesado, entenderase desestimada por silencio administrativo negativo e caberá interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería do Mar, en calquera momento, ou recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de seis meses, contados, en ambos dous casos, a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

3. Sen prexuízo do anterior, os interesados poderán exercer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Artigo 25. *Modificación de resolución*

1. Unha vez recaída a resolución de concesión, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención ou a obtención concorrente de subvencións e axudas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á súa modificación.

2. O acto polo cal se acorde a modificación da resolución de concesión ou, se é o caso, a súa denegación, será ditado polo órgano concedente, unha vez instruído o correspondente expediente, no que se dará audiencia ao interesado. Non obstante, poderase prescindir deste

trámite de audiencia cando non figuren no procedemento, nin se teñan en conta na resolución, outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 26. Pagamento

Para o pagamento da axuda é imprescindible o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Que o investimento obxecto da axuda e a súa xustificación estean realizados de conformidade coa resolución de concesión, rematado e totalmente pagado. A acreditación da realización dos investimentos xustificarase coas facturas, contratos, nóminas e documentación relacionada no apartado 1 do artigo 16.

b) Que os beneficiarios estean ao corrente nas súas obrigas tributarias e da Seguridade Social e que non teñan pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Igualmente, o beneficiario non terá pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións.

Artigo 27. Verificación posterior ao pagamento da axuda

Os servizos da Consellería do Mar realizarán os controis oportunos para verificar que a acción subvencionada non teña, nos cinco anos seguintes á data de resolución de pagamento da axuda, unha modificación fundamental das establecidas no artigo 71 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

Artigo 28. Incumprimento e reintegro das axudas

1. Se o beneficiario incumpre calquera dos requisitos establecidos nestas bases e demais normas aplicables, así como as condicións e obrigas que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión da axuda, poderanse anular os beneficios concedidos coa obriga de reintegro da axuda ou subvención.

2. Procederá o reintegro total ou parcial da subvención concedida, así como dos xuros de demora correspondentes, desde o momento do pagamento da subvención e ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos establecidos nos artigos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 74 a 76 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Ademais, será tamén causa de reintegro, de acordo coas directrices comunitarias para o exame das axudas estatais no sector da pesca e da acuicultura (2008/C84/06), a comisión de infracción do dereito comunitario polo beneficiario e, en especial, das normas da política pesqueira común durante o período cuberto pola subvención. O reembolso das axudas será proporcional á gravidade da infracción cometida.

4. Sen prexuízo da obriga de reintegro, se como consecuencia dunha comprobación posterior ou de calquera outra verificación, se constata falsidade nas declaracións mencionadas nesta Orde, serán de aplicación as infraccións e sancións establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Para este procedemento de reintegro terase en conta o establecido no capítulo II do título II da Lei de subvencións de Galicia.

Artigo 29. Infraccións e sancións

Sen prexuízo do establecido nos artigos anteriores, aos beneficiarios das axudas reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 30. Publicidade

1. En aplicación do establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia as axudas concedidas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario a que se imputan, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención, coas excepcións previstas no dito artigo, de ser o caso.

2. A Consellería do Mar remitirá á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e resolucións de concesións ditadas, nos termos establecidos nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, tramitarase á Base de Datos Nacional de Subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no Diario Oficial de Galicia.

4. Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Consellería do Mar (<https://mar.xunta.gal/>) a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

Artigo 31. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da devandita lei, á que se encontren vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 32. *Servizo Nacional de Coordinación Antifraude*

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, no marco da presente convocatoria, poderá poñer os ditos feitos no coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación, Antifraude na Intervención Xeral da Administración do Estado, polos medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto polo dito servizo no enderezo web <http://www.igae.pap.minhafp.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>, e nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, que se pode consultar no enderezo web <http://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Documents/ComunicacionSNCA06-04-2017Canaldenuncias.pdf>

Disposición adicional primeira. *Normativa aplicable*

No non previsto nesta Orde observárase o que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e os do seu regulamento de execución; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; o Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da

acuicultura, modificado polo Real decreto 703/2020, do 28 de xullo; así como o Real decreto 956/2017, do 3 de novembro, polo que se establece o marco regulador de axudas ás organizacións profesionais do sector da pesca e da acuicultura, cofinanciadas polo FEMP, e as súas bases reguladoras de ámbito estatal, modificado polo Real decreto 703/2020, do 28 de xullo.

Así mesmo, será de aplicación o disposto na normativa comunitaria, en concreto, no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo ás disposicións comúns dos fondos estruturais e de investimentos europeos, e no Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

Disposición adicional segunda

Delégase na persoa titular da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica a resolución destas axudas.

Disposición derradeira primeira

Facúltase á persoa titular da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta Orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2023

Alfonso Villares Bermúdez

Conselleiro do Mar

ANEXO

Determinación de gastos subvencionables

Os gastos subvencionables serán os gastos directamente relacionados coa preparación e elaboración do PPEC e do Informe anual regulado polo artigo 15 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, e coa aplicación do PPEC segundo o artigo 66 do Regulamento FEMP, que non respondan ao funcionamento normal da organización.

As medidas previstas nos PPEC poderán executarse directamente a través do titular, por medio de terceiros ou mediante unha combinación de ambos.

Gastos do titular ou gastos propios: considéranse aqueles gastos relativos ao persoal de estrutura ou contratado por unha duración determinada, para a supervisión, preparación e elaboración dos PPEC, ou a execución das medidas previstas nos plans e elaboración do informe anual de actividades, así como aqueles gastos de viaxe que procedan como todo ou parte dunha medida aprobada no PPEC.

A acreditación destes gastos realizarase mediante a presentación de nóminas, cotizacións sociais ou memorias xustificativas.

Os gastos de xestión ou gastos procedentes de terceiros son aqueles gastos de terceiros derivados de servizos externos, subministracións, obras, convenios, ou outros gastos de viaxe non incluídos no parágrafo anterior, para a preparación ou elaboración dos PPEC e informes anuais, ou execución de medidas dos PPEC.

A acreditación destes gastos realizarase mediante a presentación de facturas xustificativas.

No caso da preparación do PPEC, de cada informe anual e, de ser o caso, do informe de auditor, os gastos subvencionables por cada un destes conceptos será aquel que se aprobe na corresponde resolución que aproba o informe anual de actividades.

Os seguintes gastos poderán ser subvencionables:

a) Gastos de persoal propio, xa sexa de estrutura ou contratado para unha medida concreta do PPEC, incluídos aqueles custos indirectos que procedan.

En todo caso, considerarase persoal de estrutura todos os membros dados de alta no NIF da organización con cargo de xerente ou outros cargos de dirección, así como outro persoal segundo proceda neste anexo. Considerarase persoal contratado aquel persoal coas características establecidas neste anexo.

b) Contratación de empresas externas ou profesionais independentes para a preparación ou realización dalgunha ou dalgunhas das medidas incluídas no PPEC, incluídas as obras, adquisición de bens e subministracións, correspondentes a medidas previamente aprobadas no PPEC, así como a realización do informe de auditoría, de ser o caso.

c) Convenios de colaboración con organismos científicos e outras entidades, que deberán formalizarse por escrito e recollerán o seu obxecto, os traballos que se van realizar, o tempo de execución e o orzamento, debidamente desagregado por capítulos.

d) Gastos de desprazamentos, aloxamento e manutención para a asistencia a feiras, congresos, cursos, xornadas ou eventos similares, en medidas aprobadas no PPEC, incluídos os salarios do persoal contratado expresamente segundo este anexo.

A súa desagregación é a seguinte:

1. Gastos do titular. Dentro dos gastos do titular poderanse considerar os gastos de persoal propio (estrutura ou contratado), os custos indirectos e os gastos por asistencia de viaxes.

1.1. Gastos de persoal:

1.1.1. Gastos de persoal de estrutura: actividades relativas á supervisión e control realizadas polo persoal propio da organización, para a adecuada programación, desenvolvemento e, de ser o caso, elaboración dos PPEC ou execución das medidas dos plans e elaboración do informe anual de actividades. O persoal de estrutura terá unha dedicación parcial, nunca superior ao 50 %, e deberá xustificar a súa participación e horas de dedicación nas actividades relacionadas cos PPEC.

Para o cálculo dos gastos de persoal propio de estrutura, aplicarase un custo unitario por hora non superior ao correspondente ao grupo profesional equivalente, segundo as retribucións, incluídas as complementarias e cotizacións sociais, do persoal laboral incluído no V Convenio colectivo único da Xunta de Galicia, e cos importes adecuados ao disposto na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, cun límite máximo de 860 horas

anuais, acreditados para o persoal de estrutura pertencente aos distintos grupos de cotización do réxime xeral da seguridade social ou réxime especial dos traballadores do mar.

Non será subvencionable o salario do persoal de estrutura nas viaxes incluídas no número 1.3.

A xustificación destes gastos farase mediante a achega e presentación de:

- Memoria xustificativa aprobada polo representante da OPP, que especifique o obxecto dos traballos que se van realizar e o tempo de execución expresado en horas do persoal para cada medida.

- Contrato laboral pola OPP.

- Nóminas.

- Xustificante do pagamento da nómina (transferencia bancaria).

- Xustificante do pagamento das correspondentes cargas sociais e retencións fiscais. Para iso, comprobaranse os documentos RNT (relación nominal de traballadores), RLC (recibo de liquidación de cotizacións) e os modelos 111 (retencións e ingresos á conta do IRPF) e 190 (resumo anual), de ser o caso.

1.1.2. Gastos de persoal contratado expresamente para a preparación e/ou execución das medidas dos PPEC: contratación de persoal que se incorpora á organización, con obxecto de preparar o PPEC e o Informe anual e/ou desenvolver medidas incluídas nos PPEC. Estes terán unha dedicación total en relación ás actividades que se realizarán arredor dos PPEC.

Será elixible o 100 % dos gastos derivados de nóminas e cotizacións sociais. Aplicarase un custo unitario por hora non superior ao correspondente ao grupo profesional equivalente, segundo as retribucións, incluídas as complementarias e cotizacións sociais, do persoal laboral incluído no V Convenio colectivo único da Xunta de Galicia, e cos importes adecuados ao disposto na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, para un contrato a xornada completa de 1.720 horas anuais.

A xustificación destes gastos farase mediante a achega e presentación de:

- Memoria xustificativa aprobada polo representante da OPP, que especifique o obxecto dos traballos que se van realizar e o tempo de execución expresado en horas do persoal para cada medida.

- Contrato do traballador que indique que o seu obxecto será a preparación ou desenvolvemento de todas ou algunha das medidas do PPEC.

- Nóminas.

